

quen somos nós e que facemos aquí?

Colectivo Glovo - compañía de danza



Baixo este interrogante aterrámos as dúas (Esther, de Lugo e Hugo, de Porto) en Galicia, de novo. Ambas tiñamos estado xa aquí, mais nun contexto ben diferente. Semella unha pregunta simple. De feito para nós estaba claro, cando nos cuestionabamos cal sería o noso futuro “esperado” coma creadoras-emerxentes noutra comunidade diferente á que nos tiña acollido ata ese momento: Valencia.

Alá polo 2018, atopábamonos en pleno auxe das nosas carreiras: Hugo traballaba para diferentes empresas locais e Esther andaba polo mundo ás zancadas. Todo, aparentemente todo, estaba ben e tranquilo, sen preocupacións, cada unha de nós contaba cun bó salario fixo que nos deixaba durmir tranquilas (isto, coma ben sabemos todas, nas artes escénicas é raro raro). Pero foi nesa altura (2018), tras tres anos vivindo alí, que o que aparentemente se sostíña dun xeito equilibrado, comezaba a cambalear.

Dende que nos coñecemos traballando en Portugal para a *Compañía de Dança do Norte* no 2015, sabíamos que queríamos crear xuntas. Nos anos seguintes, xa instaladas en Valencia, isto acontecía dun xeito intermitente, inestable e baixo a forma de “ocio” argallado nos pouquiños momentos libres que tiñamos. Aproveitabamos horas libres en espazos de aluguer para movernos xuntas, sen pensar demasiado. Esa vontade conxunta que nos tiña atrapado en 2015 quedaba anestesiada neses ratiños de tempo nos que nos deixabamos levar pola música, pero para nada era o desexado. Só íamos parcheando e transitando algo sen forma.

E foi aí, no 2018, cando decidimos trasladar todo o noso tempo ao que sería —e é— Glovo. En xuño de 2019 deixamos Valencia para instalarnos en Galicia, concretamente en Lugo.

“sentiamos ao lonxe que os ánimos estaban tocados; quixemos traer enerxías novas e limpas”

E por que Lugo? Moitas compañeiras nos cuestionaban. Lugo!? Así foi: un dos principais obxectivos que nos move coma compañía e que nos levou a escoller Lugo era a pouca presenza estable de danza profesional que aquí existía. Encontramos escolas, asociacións, o Conservatorio Profesional de Danza, agrupacións... a “resistencia” como lles chamamos. Todas elas resistindo e loitando unha apatía escandalosa ao longo de moitos anos por parte das institucións. Sentiamos ao lonxe que os ánimos estaban tocados, e quixemos traer á cidade e á comunidade escénica enerxías novas e limpas.

Porque isto forma parte do noso compromiso: apoiar, xerar e colaborar no tecido.

Dende que chegamos en 2019, experimentamos unha evolución e un apoio máximo por parte da comunidade e do Concello. Hai unha apertura para a danza e as artes escénicas envexábel noutras rexións, ao noso modo de entender.

O retorno

A nosa vinda non foi algo moi anunciado, alén a nosa familia que cuestionaba esta decisión. Un disparate, podíase ler no rostro de moitos deles. Outros apoiaban sen entender moi ben que pasaba polas nosas cabezas.

“Porque viaxades sen nada”, dicían algunhas. “Ay... que valentes sodes”, comentaban outras. “Vos vides de ter éxito alí, aquí non vai ser o mesmo...”. “Idsvos cansar de recibir nons”. “Xente coas pilas cargadas é moi precisa aquí”. “Aquí non hai cultura de danza...”.

Etc, etc, etc.

Coma comprobamos, as opinións eran diversas, pero no trasfondo de moitas delas intuíanse xuízos pouco alentadores.

Tiñamos que tentalo. Estabamos decididas. Se “non hai cultura de danza”, o que podemos facer? Entendiamos o non acreditar de moitas colegas, estaban fartas. Con razón. Nós sentiamos que a nosa mochila estaba cargada de forza e motivación, e entedemos que era o momento.

Tomámolo coma un campo fértil onde contabamos con moitísimo espazo onde ir plantando novas ideas. Un campo que moitas colegas tiñan labrado ao longo de moitos anos e que, se callar sen elas percatarse, tras moitísimo esforzo, deixaran os surcos feitos para a nova xeración.

O compromiso

Non só nós nos sentimos comprometidas. Algo que realmente nos motiva é comprobar que aquilo que nos chegaba cando aínda estabamos en Valencia sobre a comunidade escénica galega é mesmo así. Aínda están “as de sempre”, comprometidas coa danza, reinventándose ao longo dos anos, xerando tecido e redes de colaboración, apoiando.

É moi alentador regresar e ver caras coñecidas que non desistiron. É de especial interese para nós coma compañía este aspecto do traballo coma fundamental para poder seguir creando en conxunto. Sentimos que existe un compromiso real de gran parte da comunidade escénica galega en activo para que isto se manteña vivo.

“un campo que moitas colegas tiñan labrado; deixaran os surcos feitos para a nova xeración”

Desde unha visión externa, semella unha carreira de relevos sen unha estratexia demasiado definida, pero que funciona eficazmente dunhas xeracións a outras. Para nós, a danza está aquí, a vontade está aquí, o compromiso está aquí.

Temos a boa sorte de estar rodeadas de xente comprometida. Isto para nós supón a metade do camiño feito. Chegamos a Galicia tras moitos anos fóra para redescubrir o que acontecía realmente aquí.

Para Glovo, para Hugo e para Esther, o compromiso coa danza equilibrase entre dous aspectos: por un lado, a creación escénica con selo galego-lucense-portugués, e por outro, aportar semente ao tecido artístico da comunidade buscando o achegamento entre o maior número de, como lles dicimos, mentes-corpo inquedas.

Queremos continuar a traballar na creación paralela e achegar diversas formas de creación coexistindo nun mesmo espazo. Contamos xa como parte da familia de Glovo a escrita de Nieves Neira ou Sabela Mendoza, o apoio constante de Manu Lago, o soporte de Paloma Lugilde ou de Cris Vilariño, o canón de Erick e Maru de Sólodos, e a todas aquelas compañeiras e colegas que confían.

Algo que nos caracteriza dentro do compromiso é a predisposición positiva aos proxectos, e consideramos isto coma un bálsamo á hora de afrontar as novas situacións.

A reflexión

Chegamos “sen nada”, e para nos tiñamos todo. Non por isto o retorno foi un camiño de rosas. Hai un aspecto real, existente no día a día das artes escénicas, como é a inestabilidade que torna algunhas alturas do ano en maratonianas. Despois dun par de anos creando en Galicia – ano pandémico incluído – reflexionamos sobre o acontecido: o balance é bó.

Foi unha aprendizaxe conxunta. Os inicios coma creadoras “de verdade”. Darte a coñecer de novo e con outro traxe. Hugo, completamente descoñecido e acostumado a unha realidade que, aínda que é próxima (Portugal) tamén é ben distinta á de aquí; e Esther, que marchou coma estudante e voltou coa mochila chea de cousas por contar. Moitas negativas, claro, e algúns aspectos que se callar aínda non entedemos (espazos baleiros pechados, pouco coidado para as compañías, traballos non remunerados...). Fixeron parte do percorrido. Tamén, os galardóns ou premios que de súpeto abren portas que sempre estiveron pechadas.

No noso caso particular, e aínda que pareza contradictorio, o feito de estar presentes coma nova empresa no ano da pandemia e post-pandemia, posibilitou inmensos proxectos e programacións: subiron os orzamentos e as axudas á creación, deixando espazo a introducimos e conformarnos coma compañía. Compartindo e reflexionando con algunhas colegas percibimos que, tanto na comunidade galega coma noutras, existiu unha aposta polas cías locais en diversas programacións nas que acostumaban primar as internacionais, o cal no caso sobretodo das emerxentes foi unha axuda á hora de presentar os nosos traballos e darnos a coñecer en certos ambientes.

A nosa chegada foi por tanto acompañada desta nova realidade que nos axudou a un inicio algo máis redondo, sen esquecer que existiron da mesma forma xornadas de inestabilidade, nerviosismo e moita dúbida e cuestionamento á hora de recomezar.

“semella unha carreira de relevos que funciona eficazmente dunhas xeracións a outras”

Aínda con todo, queremos facer fincapé na parte máis amable do proceso. E non por isto vivimos illadas do que hai que mellorar. É só que para nós, o vaso, vai sempre medio cheo. As posibilidades de compartir, de habitar espazos conxuntos coas colegas, das novas liñas de traballo e reflexións da danza, do compromiso – insistimos –; todo isto vai fertilizando o campo.

Queremos, a modo de resumo, compartir con todas vós o que nos chega de fóra: tras varios anos de percorrido nacional e internacional, nos chama a atención como a xente nos fala da creación en Galicia. Están sorprendidas polo que aquí acontece, o canto se crea, a calidade das propostas, a continuidade de moitas compañías, as novas formas... Parece que o selo galego se reconece firmemente máis alo da nosa fronteira.

Por iso compañeiras, continuade, que o estades facendo ben.

Texto 17. Cara a unha escena plural. Colectivo Glovo.

Publicado en agosto de 2021 na órbita do proxecto “Cara a unha escena plural”, unha iniciativa que impulsa a circulación da danza e artes vivas de carácter profesional en Galicia. O proxecto, impulsado por Caterina Varela e Sabela Mendoza, nace no marco da Galicia Escena PRO 2019 e continúa dende 2020 co apoio de Agadic e distintos espazos colaboradores.